

A destrución da cultura e da memoria é un vello tema na literatura de Manuel Rivas. E os libros, non como obxectos inanimados, senón como lugares habitados, poboados por seres que nos falan, e cos que falamos. Personaxes e autores que latexan nos andeis por sempre. Manuel Rivas, nesta trastienda da librería Cronopios, en Compostela, ten hoxe unha audiencia numerosa esperando a que o escritor coruñés fale da súa última novela, *O último día de Terranova* (Xerais, en lingua galega; Alfaguara, en castelán). Tras esa porta de cristal escóitase o murmurio dos que queren

refuxiarse en Terranova, a librería que liquida todas as existencias “por peche inminente” (“unha frase que parece sacada do Levítico”, di Rivas), despois de resistir a presión urbanística contra vento e marea. Rivas retorna nesta novela aos seus temas favoritos porque a súa literatura, di el mesmo nos primeiros minutos da conversación, é como as ondas concéntricas, como a auga nun cubo de metal, deses dos que falaba Seamus Heaney na súa granxa de Mossbawn, perto de Derry. Ondas que nacen dun centro onde toda a memoria se acumula, a memoria que nos constrúe: o *ómphalos*, o lugar onde todo nace. O manancial da existencia. E nesas ondas está a viaxe aos asuntos fundamentais, os grandes animais de fondo, o que aínda latexa no

eco do estourido primixenio. “Na túa literatura escóitase o ruído sutil de violentos instantes da historia: son as ondas gravitacionais”, digo, “que asoman na túa prosa, as ondas que aínda sacoden o tecido espazo/tempo, moitos anos despois”. A Manolo Rivas gústalle a metáfora.

SI. Na literatura de Rivas escóitase aínda o eco dos momentos que axitaron con violencia a nosa historia. É unha constante. Ese eco transforma as nosas vidas, segue influíndo en nós, abalea o presente co recordo do tremor que chega de lonxe. “Pero aquí importa máis a vida persoal, as vidas anónimas dos personaxes: a historia íntima abunda para entendelo todo, porque esa é a verdadeira historia”, di. E tamén hai algo dunha prosa sometida ao vai vén das ondas, como a do *Ulises* de

MANUEL RIVAS: “TERRANOVA É O ÚLTIMO REFUXIO”

EN ‘O ÚLTIMO DÍA DE TERRANOVA’ (XERAIS/ALFAGUARA), O PECHÉ INMINENTE DUNHA LIBRARÍA CONVÉRTESE NUNHA VIAXE DE RESISTENCIA, NA PROCURA DA GRAN MEMORIA

TEXTO José Miguel Giráldez



Joyce. Todo vai e vén, nun fluído eterno que trae ao presente restos de vellos naufraxios, as vagas da memoria achéganse e afástanse, o pasado visítanos e vaixe. Ulises e a Odisea, por certo, son importantes en Terranova. É a lectura que acompaña a Vincenzo Fontana, herdeiro da librería, o patrón dun lugar desde o que se viaxa aos grandes almacéns da memoria, un lugar que é o último refuxio no fin do mundo.

DESPOIS está a liña do horizonte. “Camiñamos sobre ela coma funámbulos”, di Manuel Rivas. Un símbolo na novela. “A liña do horizonte une o visible e o invisible, e separa, quizáis, os vivos dos mortos... O narrador albisca o misterio do fondo mariño, porque ten unha atracción abismal para el, pero tamén o que hai noutro lado da liña... as perdas,

as lembranzas. A liña do horizonte é a corda que abanea, e sobre a que andamos...” Todo isto, di Rivas, constitúe a xeografía propia de Terranova, que é un lugar anfíbio, un lugar real e imaxinario ao tempo. “Todos temos a nosa xeografía íntima, algo que poderíamos chamar a psicogeografía”, engade. E esa xeografía persoal está o Pulmón de Aceiro, símbolo terrible, a Cámara Estenopeica, a Terra escondida, a Memoria profunda... E o faro, como en Virginia Woolf.

DI MANUEL RIVAS que todos os elementos conflúen para crear estoutra realidade, en pelexa continua coa realidade real, cando a realidade se converte nunha maquinaria incontrolable e entolecida. E reconece, entre risas, que se sente coma se esta fose a súa primeira novela. “Pásame outras veces. Estou

como un adolescente que acaba de publicar a súa primeira obra... creo que ten que ver con esas ondas gravitacionais que dis. O que é certo é que o que máis me satisfai é que esta novela está poboada de xente, non só xente humana, senón animais, a salvaxe compañía, e esa xente non estaba antes, ou non *sería* antes...” Dígolle que o mellor desta historia é que pode observarse, ou escoitarse, o Rivas primixenio. Aquel son inicial, onde todo empezou, pode detectarse. O son, ou a música, da orixe, que atravesou non só os libros primeiros, senón os máis recentes, *A voces baixas*, por suposto *Os libros arden mal*, e a súa recente colección de poemas, *A boca da terra*: un título que Rivas utilizou moitas veces, unha especie de expresión máxica, unha marca de escritor. Como a inmensa dignidade do traballo feito coas mans. “O entrelazamento do oral coa cultura escrita e literaria é un deses temas concéntricos que vén do pasado”, explica Rivas. “Pero a librería é tamén un refuxio para a cultura oral, de feito hai persoas que se atopan alí que nunca leron un libro. Ou que non saben ler”.

“TERRANOVA”, di Rivas, “é en realidade un refuxio para náufragos. É tamén un lugar de resurrección. A imaxe das ondas gravitacionais é certa, porque un non fai diferentes libros, senón soamente un en diferentes círculos. Hai momentos de expansión e de condensación. Este libro ten a condición dunha última onda, os libros de *Os libros arden mal* seguirán levando... e chegaron até aquí”. E corríxe, cun sorriso. “Bueno, última onda, polo momento”. Afortunadamente, engade. A novela percorre a espíña da memoria, a librería convértese no buraco negro que contén toda a masa do pasado: é un lugar de liberación, de salvación, de curación, de resistencia. Pero, ao tempo, é un lugar destinado a morrer. O último día de Terranova devól-

venos eses momentos convulsos da historia (a desaparición de Franco, que retumba como o estourido do gran día da liberación; ou a chegada de Garúa, a moza arxentina, exiliada tamén por mor da tiranía, que arriba a este lugar ferido, pero máxico). Pero, como dicíamos, a novela está chea de símbolos. No só o Pulmón de Aceiro. O eco que viaxa desde o pasado trae a pedra do lóstrego, o machado prehistórico. Decisivos para comprender esta lectura da historia intercomunicada, o fluxo, o magma que brota da orixe e chega ás praias do fin da terra. Como en Heaney, como as súas criaturas arrincadas aos *bogs* irlandeses (e Manuel Rivas é tamén un gran irlandés), eses obxectos conteñen a memoria da dor atávica, da morte orixinal, do castigo, da violencia que navega na masa do sangue. “A biface, que chaman os arqueólogos, é unha creación romántica. Considerábase que, cando florece a pescuda na terra cara adentro (algo moi romántico tamén, porque é o encontro coa natureza), a pedra do lóstrego é algo así como a navalla suíza do Paleolítico. Pero tamén se chamaba desa maneira porque se pensaba que a creara o propio lóstrego, fendendo a terra”, conta Manuel Rivas. “É como unha pedra que latexa, que vai acompañando as vidas e volve á terra”.

EN TERRANOVA voa a memoria. Pero os libros, di Rivas, tamén van e veñen, como emigrantes e como exiliados. Son personaxes, testemuñas. Son seres vivos. “E así foi, porque os libros chegaban de contrabando cando estaban prohibidos. Chegaban en maletas. Aquí viaxan en barcos, mesmo cos frigoristas... É unha librería que está dentro do corpo. Por iso ten un faiado para as lembranzas. Mira, aí aparece un sapo que é Teixeira de Pascoas, con toda a súa saudade. Xa sabes que os sapos viven cen anos... Pensei que era unha boa cousa facer que Teixeira fose un sapo e chegase até hoxe. Cando comencei a escribir esta historia tiña xermolos e faíscas. Pero non sabía que ía aparecer Teixeira. Vino, decateime de que era el”. E ri. Dígolle que os da Xeración Nós estarían contentos con esta resurrección. “Bueno, Nós está moi presente. Pensa que na novela se fala moito do Seminario de Estudos Galegos e de todo o que pasou con el. E da maquinaria que esmaga o mellor da nosa historia. Así que hai unha parte de homenaxe. Pero Nós tiña unha síntese de Ilustración e Romanticismo. E a min iso atráeme moitísimo, porque a razón soa xa se sabe que produce monstros”, conclúe.